

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 25 de abril de 2013, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de Música para o curso 2013/14.

O artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que para acceder aos estudos superiores de Música, será preciso estar en posesión do título de bacharel ou ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, así como superar unha proba específica regulada polas administracións educativas en que o aspirante demostre os coñecementos e habilidades profesionais necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

O artigo 18 da Orde do 30 de setembro de 2010 (DOG do 8 de outubro) pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Música na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao, dispón que será competencia da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a convocatoria, organización, desenvolvemento e avaliación das probas de acceso ás ensinanzas de grao en Música na Comunidade Autónoma de Galicia, establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación.

En consecuencia, procede ditar instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de Música para o curso 2013/14. Xa que logo, en virtude das atribucións que lle son conferidas polo Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, esta dirección xeral.

RESOLVE:

Convocar as probas de acceso específicas ás ensinanzas superiores de Música para o curso 2013/14, que se rexerán polas seguintes instrucións:

Primeiro. Acceso

a) De acordo co establecido no artigo 16 da Orde do 30 de setembro de 2010 para o acceso ás ensinanzas de grao en Música, requirirase estar en posesión do título de bacharel



ou titulación declarada equivalente, ou ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, e superar a proba específica de acceso.

b) Aquelas persoas que desexen realizar a proba específica de acceso e teñan pendente algunha das materias do bacharelato, poderán realizar a dita proba e, no caso de obter praza, matricularse de forma provisional no prazo establecido, debendo acreditar a obtención do título de bacharel antes do inicio do curso no mes de setembro; no caso de non acreditalo perderán o dereito á matrícula e á praza.

c) A nota media do expediente académico do grao profesional de Música do alumnado que estea en posesión do título profesional de Música ou equivalente suporá un 40 % da cualificación final da proba de acceso. Para tales efectos, e en termos de cómputo, farase unha media ponderada da cualificación media obtida nos estudos do grao profesional.

d) No relativo ao cálculo da nota media do alumnado das ensinanzas profesionais de Música, será tido en conta o establecido polo Real decreto 1953/2009, do 18 de decembro, polo que se modifican o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, o Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, e o Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro.

e) De conformidade co artigo 5.6 do Real decreto 631/2010, a superación desta proba específica permitirá acceder a calquera dos centros do Estado onde se cursen estas ensinanzas, sen prexuízo da súa dispoñibilidade de prazas.

Segundo. *Órganos competentes para resolver os procesos de admisión*

a) Comisión de acceso. Para os efectos de dar cumprimento ao establecido nesta resolución, formarase unha comisión de acceso que supervisará o proceso de admisión do alumnado e o cumprimento das normas que o regulan, e proporá, cando for o caso, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a adopción das medidas que considere adecuadas. Os membros desta comisión son os que se recollen no anexo desta resolución.

b) Tribunais. Para o desenvolvimento e a avaliación das probas de acceso específicas, a comisión estará asistida por tribunais específicos para cada unha das distintas especialidades, tal e como se recolle no anexo. As direccións dos conservatorios garantirán a actuación destes tribunais e, se é o caso, das suplencias que se poidan producir.

Terceiro. *Inscrição para realizar as probas*

a) A inscrición farase na secretaría dos conservatorios superiores de música de Galicia, no prazo comprendido entre o día seguinte ao da publicación da presente resolución e o



día 7 de xuño, ambos os dous incluídos. Para tal fin, os centros deberán expor nos seus taboleiros de anuncios a normativa reguladora de admisión do alumnado.

b) Para a formalización das solicitudes de admisión, os conservatorios superiores facilitaranllas ás persoas interesadas o modelo para o efecto. Unha vez cuberto, entregarase unha única instancia na secretaría do centro, xunto coa documentación que proceda, segundo o caso, para a acreditación dos datos consignados:

– Título de bacharel ou titulación equivalente, ou certificación de ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos. No caso de aspirantes que teñan pendente a superación da proba de acceso a estas ensinanzas para maiores de dezanove anos ou algunha materia do bacharelato, farano constar na solicitude, quedando condicionada á superación dela.

– Título profesional de Música ou certificación académica en que figure ter realizado o depósito do correspondente título, ou o libro de cualificacións das ensinanzas profesionais, se é o caso.

c) O día 11 de xuño os conservatorios superiores de Música exporán a lista provisoria de admitidos ás probas. O alumnado que non sexa admitido poderá presentar a súa reclamación os días 11 e 12 de xuño.

d) Os conservatorios onde se realice a inscrición deberán enviar á comisión, a través de correo electrónico asesoria.musica@edu.xunta.es, o día 13 de xuño, a relación de persoas inscritas para realizar as probas de acceso en cada especialidade e itinerario, ordenadas alfabeticamente, con apelidos, nome e número do documento nacional de identidade, e centros aos que opte, ordenados segundo a súa preferencia.

e) A relación de persoas inscritas será exposta no taboleiro de anuncios de cada centro o día 14 de xuño, así como no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <http://www.edu.xunta.es>.

Cuarto. *Desenvolvemento das probas*

a) As probas específicas de acceso comenzarán o día 25 de xuño, de acordo co calendario que para tal efecto estableza a comisión de acceso.

b) Os conservatorios organizarán a distribución horaria e de espazos de actuación de cada tribunal.



c) Proba específica.

- Especialidade: Composición. A proba consistirá en:
 - Realización dun traballo harmónico-contrapuntístico.
 - Presentación e defensa oral de obras e traballos realizados polo/a candidato/a.
 - Interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente polo/a candidato/a.
- Especialidade: Interpretación (agás itinerario de jazz). A proba consistirá en:
 - Interpretación dun programa de ata trinta minutos, integrado por obras e/ou estudos dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso a estes estudos.
 - Análise dunha obra ou fragmento musical por proposta do tribunal.
 - Lectura á vista.
- Especialidade: Interpretación, itinerario de jazz. A proba consistirá en:
 - Interpretación dun programa ata trinta minutos, integrado por obras do repertorio jazzístico. Será requisito indispensable que o aspirante improvise en cada unha delas.
 - Análise dunha obra ou fragmento musical por proposta do tribunal, engadindo contidos propios da análise de jazz.
 - Lectura e improvisación á vista dunha obra ou fragmento de jazz.
- Especialidade: Musicoloxía. Itinerario de etnomusicoloxía. A proba consistirá en:
 - Análise histórico-estilística e defensa dunha obra ou fragmento por proposta do tribunal.
 - Realización dun comentario de texto ou traballo escrito por proposta do tribunal.
 - Interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente polo/a candidato/a.



- Especialidade: Pedagoxía. Itinerario de linguaxe musical. A proba consistirá en:
 - Interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente polo/a candidato/a.
 - Proba vocal individual.
 - Composición dunha peza breve, de carácter didáctico, sobre unha melodía ou un texto proposto polo tribunal. O/a aspirante deberá realizar unha defensa didáctica da súa aplicación.
- d) Será competencia de cada tribunal a organización das convocatorias das distintas partes que componen a proba, e deberán comunicar aos interesados no momento da presentación.

Quinto. *Admisión do alumnado*

- a) Unha vez concluída a proba específica, os tribunais publicarán a listaxe de persoas que superaron a proba e as non admitidas en cada especialidade, ordenadas por puntuación en orde decrecente.
- b) Os conservatorios superiores comunicarán o día 1 de xullo á comisión a relación de aspirantes que superaron as probas de acceso, ordenados por puntuación e en orde decrecente, segundo as distintas especialidades.
- c) A comisión, á vista das listaxes dos aspirantes que superaron a proba de acceso, determinará, en función do número de vacantes, os aspirantes que obtiveron praza nos respectivos conservatorios, e elevará a proposta á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- d) A listaxe de persoas admitidas en cada centro será comunicada aos respectivos conservatorios o día 4 de xullo, e exposta no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <http://www.edu.xunta.es>
- e) No caso de quedaren prazas vacantes, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá establecer un proceso extraordinario de acceso na primeira quincena de setembro.



Sexto. *Reclamacións e recursos*

a) Os acordos e decisións dos tribunais sobre as probas de acceso poderán ser obxecto de reclamación, ante o mesmo órgano que os ditou, no prazo de dous días hábiles. Este órgano deberá resolver as reclamacións no prazo de dous días hábiles.

b) Contra as resolucións das reclamacións emitidas polo tribunal, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Sétimo. *Matrícula*

a) O alumnado que obteña praza deberá formalizar a súa matrícula entre os días 4 e 15 de xullo.

b) Para a formalización das solicitudes de matrícula os conservatorios facilitarán ás persoas interesadas os modelos para o efecto. Unha vez cuberto, entregarase unha única instancia na secretaría do conservatorio, que se xuntará á documentación xa presentada. A falta de formalización de matrícula no prazo estipulado, salvo causas debidamente xustificadas, implicará a perda do dereito a acceder a estas ensinanzas no curso 2013/14.

c) A posta en marcha de cada especialidade estará condicionada á existencia dun número mínimo de alumnos e alumnas admitidos, e non se cuantifica para estes efectos o alumnado repetidor.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2013

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO

• Comisión de acceso ás ensinanzas de grao en Música para o curso 2013/14.

Presidenta: M^a Teresa Bárbara Criado.

Secretario: Rodolfo García Alonso.

Vogais:

José Manuel Fernández González.

Andrés Vales González.

José Antonio Cantal Mariño.



• Tribunais CMUS Superior da Coruña.

– Acordeón:

Presidente: Fernando Fraga Traba.

Vogais: Daniel Zacarés Costa, Julián Rodríguez Rodríguez.

Suplente: Rosa M^a García Barcia.

– Canto:

Presidente: Antón de Santiago Montero.

Vogais: Sergio Añón Lijó, M^a Paz Pita Vázquez.

Suplente: José Manuel Yáñez Carballeira.

– Composición:

Presidente: Mario Seoane Blanco.

Vogais: Manuel Andrés Varela Sanjurjo, Julián Rodríguez Rodríguez.

Suplente: Fernando Buíde del Real.

– Corda friccionada:

Presidenta: Clara Groba Otero.

Vogais: Sergio Sieiro Rey, Nerea Casanova Gilsanz, Ángel Rodríguez Lozano, Antonio Peña Fernández.

Suplentes: Carolina Landriscini Marín, Ana Isabel Ávalos Irañeta.

– Guitarra:

Presidente: Ramón Luis Carnota Méndez.

Vogais: Eulogio García Fernández-Albalat, Mario Seoane Blanco.

Suplente: Julio Mourenza Torreiro.

– Jazz:

Presidente: Hansel Luis Díez.

Vogais: Joaquín Luis García Souto, Fernando Llorca Freire.

Suplente: Alberto Conde de León.

– Percusión:

Presidente: Marcos Corbacho Paz.

Vogais: José Manuel Casas García, M^a Paz Pita Vázquez.

Suplente: Laura M^a Díaz Pérez.



– Piano:

Presidente: Javier Ares Espiño.

Vogais: Giselle Grau Garcells, Manuel Andrés Varlea Sanjurjo.

Suplente: Irina Moriatova.

– Pedagogía da linguaxe musical:

Presidenta: Teófila Matilde Rubio Mur.

Vogais: Pilar Cancio González, Leticia Presas Freire.

Suplente: Elisa Timiraos Ferreiro.

– Vento madeira 1 (frauta, óboe e fagot):

Presidente: Ismael Vaquero Baquero.

Vogais: Jesús Coello Rodríguez, Miguel Gil Peris, César Concheiro Guerrico, Patricia Teresa Sánchez Cao.

Suplentes: Alicia González Permuy, Ricardo Blanco.

– Vento madeira 2 (clarinete e saxofón):

Presidente: Pablo Coello Rodríguez.

Vogais: José Mª Belló García, Patricia Teresa Sánchez Cao.

Suplentes: Narciso Pillo Guerreiro.

– Vento metal:

Presidente: Óscar Dávila Mariño.

Vogais: Ignacio Fernández Rodríguez, Arturo Centelles Fabado, Fernando Buíde del Real.

Suplentes: Gonzalo Sánchez García, Iago Ríos Martínez.

• Tribunais CMUS Superior de Vigo.

– Canto:

Presidenta: Beatriz Riobó Agulla.

Vogais: Patricia Blanco Piñeiro, Teresa Novoa Freitas.

Suplente: Carlos Enrique Pérez Gómez.

– Composición:

Presidente: Carlos Cambeiro Alís.

Vogais: Pablo Beltrán Sobrado, Juan Manuel Eiras Tojo.

Suplente: Diego David Cuevas Sánchez.



– Corda friccionada:

Presidente: Mario Peris Salom.

Vogais: Leonardo Blanco Nóvoa, Álvaro Quintanilla Marful, Manuel Martínez Álvarez-Nava, Juan Carlos Villar del Saz Pardo.

Suplentes: Laura Quintillán Nuñez, Marta Vélez Pérez.

– Guitarra:

Presidenta: Margarita García Escarpa.

Vogais: José Román González González, José Luis Fernández Rodríguez.

Suplente: David Regueiro Fernández.

– Etnomusicoloxía e instrumentos da música tradicional:

Presidente: Julio Alonso Monteagudo.

Vogais: Luis Costa Vázquez, Javier Luis Jurado Luque, Judit Alonso Comesaña, Rebeca Carrera Argibay.

Suplentes: María Irene Rodríguez Collazo, Sabela Olivares Rivas.

– Pedagogía:

Presidenta: Josefina Albores Núñez.

Vogais: Nieves Salguero Núñez, Lilian de Arredondo Cuellar.

Suplente: Concepción Rodríguez Conde.

– Percusión:

Presidente: Vicent Grau i Díez.

Vogais: Carlos Castro Roig, Jacobo Gaspar Grandal.

Suplente: Enrique Goberna Fernández.

– Piano:

Presidente: Nicasio Gradaille Peña.

Vogais: Arabel Morález Garcell, Pablo Galdo Vigo.

Suplente: Rasa Biveiniene Yakutite.

– Vento madeira 1 (fauta, óboe e fagot):

Presidente: Manuel Morales Fernández.

Vogais: Fernando Raña Barreiro, Óscar Araújo Comesaña, Ricardo Pazo García, Francisco Pérez Rodríguez.

Suplentes: Cristina García Lomba, Pablo Rodríguez Fernández.



– Vento madeira 2 (clarinete e saxofón):

Presidente: Astorio Leiva Piñeiro.

Vogais: Roberto Carlos Noche García, Rafael Salvador Yebra Rivera.

Suplente: Julio Álvarez Pereiro.

– Vento metal:

Presidente: Enrique Lorenzo Vila.

Vogais: Adolfo Caride Rodríguez, Javier Viceiro Filgueira, Jesús Vicente Monzó, Jonathan Vázquez Carrera.

Suplentes: José Pons Boill, Patricia Rejas Suárez.

